




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



A proba de conxunto á que pode condicionar o Ministerio de Educación e Ciencia a homologación de títulos extranxeiros de Educación Superior, veñe regulada no R.D. 86/1987 de 16 de xaneiro, e na orde de 5 de xuño de 1992, que o desenvolve establecendo criterios xerais para á realización da mesma.

A Resolución que acorde a realización da proba de conxunto establecerá, consonte os apartados primeiro e segundo da citada orde, deberá especificar o tipo de proba que deberá superarse, segundo se observe a existencia de carencias formativas de carácter específico ou de carácter xeral. No primeiro suposto a Resolución deberá indicar expresamente as materias, disciplinas o áreas de formación as que se refiran ditas carencias, e verbo das cales versará a proba. No suposto de observarse carencias formativas de carácter xeral, a Orde fai unha remisión as Universidades para que establezan por cada titulación un catálogo de temas básicos que permitan apreciar o nivel de coñecementos para acceder o título para o cal se solocita a homologación.

Asemade a orde establece que as Universidades deberán realizar dúas convocatorias anuais para a realización da proba de conxunto e determinados requisitos en cuanto a la actuación das Universidades, e por elo polo que e conveniente desenvolver, no que e competencia da Universidade, os procedementos para a realización da proba de conxunto

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- SOLICITUDE

Os alumnos os que o Ministerio de Educación e Ciencia condicione a homologación dun título extranxeiro de Educación Superior á superación dunha proba de conxunto e opten por realizala na Universidade de Santiago de Compostela, deberán solicitalo e formalizar matrícula consonte o disposto na presente Resolución.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEGUNDA.- CONVOCATORIAS

A Universidade de Santiago de Compostela realizará anualmente dúas convocatorias para supera-la proba de conxunto, que coincidirán coas convocatorias para á colación do grao de licenciado.

TERCEIRA.- MATRICULA

Para a realización da proba de conxunto deberá formalizarse matrícula na Unidade de Xestión Académica que corresponda e reportará os prezos que estean establecidos.

Os prazos de matrícula para a realización da proba de conxunto serán os mesmos que para a matrícula para a colación do grao de licenciado

No acto de matriculación o alumno deberá aportar copia da Resolución do Ministerio de Educación e Ciencia e do seu Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte

CUARTA.- EXAMES

A proba de conxunto realizarase, segundo o disposto na Orde, poderá versar sobre materias, disciplinas ou áreas de formación ou sobre unha proba de carácter xeral, segundo especifique á resolución do Ministerio de Educación e Ciencia.

QUINTA.- TRIBUNAL E CUALIFICACIONES

Para a realización da proba de conxunto constituirase un tribunal que segundo o tipo de proba a realizar a súa composición será o seguinte:

a) Probas de carácter xeral.- O tribunal será o que avalía o exame de grao.

b) Probas de carácter específico.- O tribunal estará composto por al menos tres profesores catedráticos ou titulares das materias, disciplinas ou áreas das que o alumno deba acreditar seus coñecementos.

A proba de conxunto será cualificada con "APTO" ou "NON APTO".



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEXTA.- ACTAS E CERTIFICACIONES

As actas da realización da proba de conxunto, serán entregadas no Centro a que corresponda a Titulación, de acordo coa normativa de recepción e entrega de actas vixente nesta Universidade.

Unha vez recibidas as actas de todas as probas de conxunto realizadas, o xefes das Unidades de Xestión Académica remitirán unha relación nominal para ser asinada polo Secretario Xeral e posterior envío á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia a Secretaría Xeral da Universidade, remitirá á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia unha relación nominal e certificada de aqueles que superaran a proba, consonte modelo adxunto.

A cada alumno que realice a proba de conxunto expediráselle unha certificación, que non devengará prezo algun, co resultado da realización da proba, consonte modelo adxunto.

SETIMA.- TEMARIO DAS PROBAS DE CONXUNTO PARA AS PROBAS DE CARACTER XERAL

1.- Para garantía dos interesados, os Centros da Universidade, elaborárase por cada titulación que impartan un catálogo de temas básicos, preferentemente interdisciplinares, co obxecto da realización de probas de conxunto de carácter xeral. Estes catálogos terán vixencia en tanto non se produzan modificacións substanciales do plano de estudos, e en todo caso a súa vixencia non será inferior a un ano académico.

2.- Unha vez elaborado o temario a que fai referencia o apartado anterior, e os efectos de publicidade, darase traslado á Secretaría Xeral, á Sección de Información e as Unidades de Xestión Académica correspondentes.



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISPOSICION FINAL

A instrucción de 29 de xaneiro de 1990, queda se efecto a partir da data de rexistro de saída da presente resolución.

Santiago, 14 de outubro de 1993

O RECTOR
Por ausencia

O VICERRECTOR DE PLANIFICACION
E PROGRAMAS
(R.R. 8 de outubro de 1993)

Xerardo García Mera

SR. SECRETARIO XERAL.
SRS. DECANOS E DIRECTORES DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE
SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
SRS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTION ACADEMICA



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CERTIFICACION DE PRUEBA DE CONJUNTO

D. , Secretario General de la
Universidad d Santiago de Compostela

CERTIFICA:

Que en la primera/segunda convocatoria del curso
academico 19../.. para la realización de la prueba de
conjunto previa al reconocimiento de Títulos Extranjeros de
Educación Superior, y según consta en las actas de los diferentes
tribunales calificadores que obran en las respectivas Unidades
de Gestión Académica, han superado la misma los siguientes
alumnos y para las titulaciones que para cada uno de ellos se
especifica:

D.N.I./PASAPORTE	NOMBRE	TITULACION
------------------	--------	------------

Y según lo dispuesto en la Orden de 5 de junio de
1992, para que surta los efectos oportunos en la Secretaría
General Técnica del Ministerio de Educación y Ciencia, se expide
la presente a de de 199.

EL SECRETARIO GENERAL

EL JEFE DE LA
UNIDAD DE GESTION



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CERTIFICACION PERSOAL DA PROBA DE CONXUNTO

D., Secretario Xeral da
Universidade de Santiago de Compostela

CERTIFICA:

Que D./D^a,
concorreu a realización da proba de conxunto na convocatoria
de....., para a homologación do seu título
extranxeiro polo español de....., e que consonte a
acta do Tribunal cualificador que obra na Unidade de Xestión
Académica do Campus...., foi declarado....(APTO/NON APTO).

E segundo o disposto na Orde de 5 de xuño de 1992, e os
exclusivos efectos personais do alumno, se expide a presente en
Santiago de Compostela a....do...de.....de 19..

O SECRETARIO XERAL

O XEFE DA UNIDADE
DE XESTION